

6X6

Produce



Coproduce



Colabora



INDICE

Este ano, celebrouse a 2ª edición no mesmo espazo, apoiados coa experiencia gratificadora do ano anterior e achegando novas ideas para buscar un novo “punto de encontro”.

O bo funcionamento en canto a público e a críticas facilitou atoparnos con novos creadores de tódolos campos para esta nova edición do 2010.

Potenciouse de novo a mestura entre as diferentes disciplinas para crear accións o máis orixinais e auténticas posibles, favorecendo o previo encontro do equipo artístico e técnico de cada xoves para a posta en común e investigación.

Novos “puntos de encontro”.

Na pasada Ed. potenciámos “un punto de encontro analóxico”, nunha das cristaleiras do museo, o público asistente debuxaba, escribía o que sentira ao ser partícipe da acción. e alí permaneceu durante os meses que durou o evento para que todos os visitantes do museo puidesen observar as “pequenas obras” como pequenos pixeles que modificaban a creación do punto de encontro baixo o título “Punto de vista” e pensamentos do público asistente a cada acción.


Deste xeito, os espectadores do 6x6 convertíanse en “improvisados artistas” e expuñan no museo, transferindo o rol entre público e creador, emisor-receptor.



6x6. Punto dixital. [.@]

Na presente edición traballouse para que o punto de encontro fora máis aló do propio museo.

- Para iso as accións emitíronse en directo vía internet facendo streaming.
- Deste xeito ese punto de encontro dixital chegou a todos os recunchos do planeta.






-Potenciouse o uso das redes sociais (nas que estamos presentes). Todos os visitantes cos seus teléfonos móbiles (e dispositivos portátiles) e usando a wifi que dispón o museo puideron participar en Twitter usando #6x6 ou en Facebook na páxina de A Artística.

Na A Artística precisamente comezamos a usar as redes sociais coa pasada edición do 6x6. Dende ese momento ata hoxe a interacción do público foi in crescendo, polo cal cremos que hai que potenciar que o uso deste tipo de conexións sexa útil e constructiva.

A 3.129 personas les gusta esto

6x6. Puntos suspensivos [...]

Para potenciar este tipo de movementos, organizamos un concurso de fotografías feitas co teléfono móbil. As fotografías foron subidas a nosa páxina de Facebook e en Twitter usando "#6x6"



*Fotografías feitas por participantes do concurso

Cremos de tódolos xeitos que un dos éxitos do 6x6 é precisamente o **punto de encontro "físico"**.


Este punto de partida é o comezo do espectáculo, que determinará toda a acción e as novas relacións entre público, creadores, obxecto creado e espazo; facilitando múltiples lecturas do mesmo e xogando a variar a liña entre emisores e receptores.

Dando así un novo significado ao espectáculo que poderemos confrontar cos propios artistas por medio de **charlas**.



6x6. Punto seguido. [.]

As **charlas** que se daban entre ou público ao terminar a acción queremos levalas a un nivel superior e pór aos **artistas** á disposición das dúbidas dos asistentes para que poidan explicar os seus proxectos e xerar sinerxías entre tódalas persoas.




O 6x6 é unha multiplicación que pode ter diferentes resultados, depende únicamente da cantidade de mans que están contando á vez.



De maneira que ó rematar cada acción, os artistas na cafetería do Verbum Jazz Café ofrecían a posibilidade de compartir mesa con eles, e poder así indagar máis sobre os procesos de creación que utiliza cada un.

6x6. Punto e aparte. [.>]



Para ter todos os elementos de esta suma, convidamos a profesionais do ámbito das artes escénicas, profesorado, institucións, etc. para que nos falaran dos seus proxectos, e ofrecer a súa experiencia a todo o público asistente, e ós propios artistas emerxentes que conforman o 6x6.

Centrándonos este ano sobre a **formación das artes escénicas** en Galicia.



Interviron:

- **Ricardo Solveira:** Profesor ESAD Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. "A procura dun modelo de formación escénica desde aquí."
- **Mar Caldas:** Artista Plástica, Profesora da Facultade de Belas Artes. "Os centros formativos debían fomentar o equilibrio entre a técnica e a creatividade."
- **Cristina Cameselle:** (Asociación Profesional de Danza Escénica de Galicia.) DANESGA. "A necesidade dunha formación de Danza".
- **Salvador del Río:** Actor e profesor da Aula de Teatro do Campus de Vigo e Pontevedra, e Escola Municipal de Teatro de Cangas. "Os municipios como xeneradores de espectadores e futuros profesionais do sector"
- **Gema Pérez García:** A Central Folque, AFI e o laboratorio de Sons. "A formación musical desde a infancia, partindo do xogo e a experimentación"

6x6. Ed. 2010

Formado por artistas de diferentes ámbitos das artes escénicas (danza, interpretación, música, video-arte etc...) de Galicia, España e Portugal.




Programa. Ed. 2010

A palabra falada Marián Bañobre , Anabel Gago, Seilaesencia	(28/10/10)
A palabra movemento Wences Pierdes, Gena Baamonde, Xabier Mariño	(04/11/10)
A palabra sonora Artús, Antela Cid, Helder K	(11/11/10)
A palabra signo María Torres, Lucia García, Gonçalo Guerreiro	(18/11/10)
A palabra imaxe Rebeca Iglesias, Marta Paz e Vanesa Perozo	(25/11/10)
A palabra escrita Clara Gayo, Estela Lloves, Natanael Estévez	(02/12/10)



A palabra falada



A superficie da Terra alberga un 70% de auga .
O noso corpo está composto de auga nun 70%.

Lonxe de estar inanimada, a auga está viva.
Segundo as investigacións do doctor Masaru Emoto, os nosos pensamentos e emocións, así como as palabras que pronunciamos actúan sobre as moléculas de auga, demostrando que a conciencia afecta á materia.

A auga celular dunha persoa pode reestructurarse harmonicamente por resonancia cando a bebemos.

Somos conscientes da importancia das nosas palabras?



A PALABRA FALADA: 28/10/10 (AULA DE SEMINARIOS)

A palabra sonora



Que é a palabra sonora?

O emprego dun idioma agocha os sons que produce o noso corpo. A palabra falada toma forma segundo o conflito que vivamos ; pero evidenciamos pois, a música que produce o aire vibrando na nosa fisionomía. Cada un de nós é un instrumento único que resoa coa súa cantiga. Helder Cardoso, Artús Rei e Antela Cid xogarán como nenos cos seus instrumentos tentando darlle resposta a esta pregunta.



A PALABRA SONORA: 11/11/10 (COMICTECA)

A palabra signo



"Calzada da Memoria" - A Palabra Signo

A casa como evocación do interior e do exterior, do espazo íntimo e do público. Refuxio ou prision, a casa é o noso primeiro universo. Xurde para dar abrigo, para estruturar. Tal e como o signo, aparece para organizar o caos e permitir a comunicación. Nunha sala de museo evocamos a casa. Unha casa que pretente estimular os sentidos a través da interacción cos espazos, obxectos e habitantes. De espectadores a visitantes, de convidados a habitantes. Para sentirse en casa.



A PALABRA SIGNO: 18/11/10 (AULA DE SEMINARIOS)

A palabra imaxe



"NANCYS, CYBORGS E CINTAS DE VÍDEO"

Tres subxectividades indagando sobre o xénero. Performativizalo, representalo, imaxinalo, debuxalo, proxectalo... para diluílo no propio xogo de construción/deconstrución. Tres linguaxes-imaxe en tempo real : vjing en software libre, pintura e corpo-movemento.


A escea como matriz de unha viaxe cara ao interno/externo, ao individual/social, ao micro e ao macro. Unha viaxe que recrea unha idea de violencia non como estado de excepción, senón como característica do imaxinario dominante.

Propoñemos este espectáculo como acción micropolítica de rebelión, como artivismo para dinamitar o sistema heteropatriarcal. ¿Violencia de xénero? O xénero é violencia.



A PALABRA IMAXE: 25/11/10 (GARAXE)

A palabra escrita



Entre nós e vos haberá un acordo. Atoparémonos no centro. Tú traspasarás a liña escénica, eu acudirei ó refuxio da tua cuarta parede.
Sen medo.

No acto comunicacional construiremos novos parámetros de expresión: Convertiremos a palabra en movement. Traduciremos a palabra en son. Re-Crearemos a palabra en acción.

Sen medo.

Entre nós e vos haberá unha partitura, un espazo en branco. Cubriremos as distancias. Tú executarás a sorte, eu transformarei o teu impulso.

Sen medo.

Estamos a falar de apalabrar palabras, para que logo non vaian dicindo por aí que nos quedou todo por dicir. (Esas malas linguas mal dicentes mal falantes baratas oprimidas oprimentes intraqástricas...) As palabras que se gardan son as que mais molan. Escolle unha. Sen medo. Da igual como a pronuncias, eu falo o teu idioma, entendo a tua lingua, a tua lingua e a miña lingua son a mesma. Si tu mordes a tua lingua, cortas a miña.

A palabra se apalabra de mil palabras distintas. Escolle unha. Sen medo. Entre nós e vos xogaremos a mudar os significantes para sentir os significados.

E para iso necesito que veñas.



A PALABRA IMAXE: 02/12/10 (VESTÍBULO)